

COMISIÓN TRIPARTITA DA FUNCIONARIZACIÓN DO PAS LABORAL DA
UNIVERSIDADE DE VIGO
ACTA Nº6 – PERÍODO TERCEIRO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA (CEPO)

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)_Escusa ausencia

Carlos Román Lago (CIG)

XUNTA PAS

Xan Cebro Rodríguez (CIG, presidente)

María José Ríos Santomé (CIG)

José Antonio Gándara Pérez (CIG)

María Moreira Sendón (UGT)

José M Sónora Abeijón (UGT)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE (CEO)

José Manuel García Eirín (CIG)

Rodrigo Alverte Pivida (CIG)

Os membros da Comisión Tripartita para a negociación da Funcionarización do PAS laboral da Universidade de Vigo reuníronse coa Xerencia ás 12 horas, do 22 de xullo de 2021, na Sala 20 do Campus remoto coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do 24 de xuño de 2021.
2. Proposta de RPT do PAS da Universidade de Vigo
3. Rolda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do 24 de xuño de 2021.

A Xerenta di que Carlos Mollinedo presentou unhas alegacións que foron aceptadas polo que se aproba a acta por unanimidade.

2. Proposta de RPT do PAS da Universidade de Vigo

A Xerenta comeza dicindo que logo de falar coa Consellería de Facenda o que hai que presentar é a RPT. Polo tanto, o que se enviou á parte social para tratar nesta reunión foi a unificar as dúas RPT de funcionario e laboral e plasmar o que está no acordo de funcionarización máis algunha corrección formal como a dispoñibilidade horaria.

O Vicexerente de RRHH aclara que efectivamente se tratou de regularizar a estrutura da RPT para facela máis coherente. No relativo ao persoal con dispoñibilidade horaria, esta dispoñibilidade pasa a figurar agora no apartado “observacións”. En canto aos complementos específicos hai postos que teñen un complemento maior que son aqueles que teñen dispoñibilidade horaria, xornada partida ou complemento de permanencia. Engade que os servizos veñen ordenados alfabeticamente e non se reflicten os códigos dos postos xa que estase a decidir unha codificación que se adecúe ao novo programa de Xestión de Recursos Humanos.

María José Ríos pregunta polo criterio de colocación dos postos nos distintos servizos, xa que nalgúns aparece o persoal laboral en primeiro lugar e noutros aparece o persoal funcionario.

O Vicexerente responde que para que se manteña a mesma estrutura vaise modificar e na versión definitiva aparecerán os postos ordenados por niveis.

Pablo Álvarez pregunta pola identificación dos postos sobre todo para o concurso de traslados.

A xerenta responde que se está a trasladar a RPT Laboral axustada ao acordo de funcionarización asinado nas mesmas condicións, posteriormente na negociación verase como identificar os postos ou que postos se queren identificar.

Marcos Estévez entende que esta RPT vai ligada ao acordo aprobado e se envía así para que a Xunta a aprobe. De todos xeitos mostra a súa confianza en que, unha vez que se aprobe, se poidan poñer riba da mesa distintas cuestións como por exemplo a estrutura dos servizos informáticos ou a posibilidade de duplicar o grupo e o subgrupo ao que estean vinculadas as prazas. Por outra banda indica que na páxina 15, nas prazas de Técnico da Biblioteca de Torrecedeira, aparece unha anotación en observacións cun número (5) que significa *1 praza figurará coa condición de “a extinguir”*. Suxire que como as prazas non están identificadas sería máis acaído que apareza esa observación só nunha das prazas.

O vicexerente de RRHH responde que na RPT anterior xa estaba así. Entende que se puxo nas 4 prazas porque se extinguirá a primeira praza na que se produza unha xubilación.

Xan Cebro entende que efectivamente esta é unha RPT para enviar á Xunta de Galicia como anexo ao acordo de funcionarización pero aclara que posteriormente haberá que negociar a RPT de funcionarios. Fai unha proposta de modificación da RPT enviada, pola especial casuística de dous compañeiros do Grupo III da Área de Servizos Xerais, que están en excedencia e actualmente desenvolven o seu traballo no Grupo IV. A súa proposta é que dúas prazas de Auxiliar de Servizos, unha en Ciencias de Vigo e outra en CC da Actividade Física e do Deporte de Pontevedra sexan C1-C2 para que esas dúas persoas se funcionaricen como C1, proposta que non vai en contra do acordado ata o de agora. Por último, tamén considera que se debería asinar un acordo de categoría superior ao igual que se fixo cos funcionarios.

A Xerenta responde que que a opción de abrir a dous grupos, neste momento non lle parece unha solución. Considera máis axeitado que este persoal se funcionarice desde a situación de excedencia e quede como laboral a extinguir en auxiliar de servizos, ou moi excepcionalmente, permitirlles que se funcionaricen nos dous grupos.

Xan Cebro responde que a primeira opción de quedar como auxiliar a extinguir, supón unha perda económica para estes dous funcionarios.

A Xerenta engade que hai que ter claro que, se estas dúas persoas se funcionan no Grupo C1, non van poder ter opción a concursar a postos auxiliar de servizos.

Xosé Manuel Eirín di que non lle parece axeitado tratar este tema sen discutilo coas persoas implicadas. No seu día, a proposta que se fixo foi que esas persoas se puideran funcionar na categoría que están en excedencia, e non foi aceptado pola xerencia. Di que a proposta de Xan Cebro non lle convence porque se debería falar primeiro cos compañeiros afectados, ademais engade que esta proposta debería terse falado primeiro entre a parte social para levala logo a negociación.

Pablo Álvarez mostra a súa conformidade coa proposta de Xan Cebro e tamén di que a hai que facer un documento de acordo de categoría superior con certas modificacións para respectar as listas de substitución do PAS Laboral.

Marcos Estévez di que efectivamente só hai estes dous casos e engade que a proposta plantexada por Xan Cebro lle parece a mellor das opcións, xa que non prexudica a ninguén nin vai en contra do acordo. (Que os compañeiros se poidan presentar á de conserxe e quedar en excedencia a extinguir en auxiliar e que cando apareza a praza se vaian á de conserxe que teñen en excedencia e se elimine a de auxiliar)

A Xerenta di que esta proposta se presente á xerencia como unha proposta conxunta da parte social para estudala e ver se é factible.

Xosé Manuel García Eirín pide que se lle aclare a diferenza entre os xestores informáticos e os técnicos informáticos que pertencen os dous ao mesmo grupo A2/C1.

O Vicexerente responde que todos os que son actualmente Grupo II pasan a chamarse xestores, ben sexa de informática, actividades culturais ou innovación educativa. O resto dos traballadores que promocionan son técnicos.

Dado que urxen os prazos, quédase de acordo en que a parte social achegará unha proposta en relación ás dúas prazas dos compañeiros, e de estar de acordo a xerencia, enviarase a RPT á Xunta de Galicia o antes posible, sen necesidade dunha nova reunión.

E sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:35h

A Xerenta

O Presidente do CEPO

Representante CEO

O Presidente Xunta PAS F

Raquel M. Souto García

Marcos Estévez Orge

Rodrigo Alberte Pivida

Xoán M. Cebro Rodríguez

(acta asinada dixitalmente)